



**REGULAMENTO PARA A ADMISIÓN E PERMANENCIA DE
INICIATIVAS EMPRESARIAIS NO VIVEIRO DE EMPRESAS
INNOVADORAS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA**

Aprobado polo Consello de Goberno do 31 de maio de 2016

A creación de empresas de iniciativa universitaria estase a consolidar como mecanismo de transferencia á sociedade do coñecemento xerado polas universidades europeas, entre elas a Universidade da Coruña (en diante UDC). Este mecanismo, por un lado, permite fomentar a cultura emprendedora entre o alumnado, o persoal docente e investigador e o persoal de administración e servizos da UDC; e, polo outro, posibilita establecer unha ponte que enlace a investigación académica co proceso de innovación tecnolóxica do noso contorno produtivo máis inmediato, no marco da área de influencia territorial da nosa institución.

A UDC, nos últimos anos, vén comprometéndose co fomento da creación de novas empresas de ámbito universitario, como así recolle o vixente Plan estratéxico 2013-2020 da UDC, que menciona como un dos seus obxectivos estratéxicos a atención especial á empregabilidade e ao emprendemento. Así mesmo, indícase neste plan que «a creación de novas empresas constitúe un impulso ao desenvolvemento socioeconómico do noso contorno. A UDC, integrada por estudantes e profesores de distintas titulacións e distintos ámbitos, debe ser unha comunidade que favorece a colaboración, estimula a xeración de ideas innovadoras e promove a súa aplicación práctica a través de iniciativas de emprendemento».

A UDC non é allea ás dificultades que supoñen a creación e a consolidación de empresas innovadoras, e é por isto que aposta por ofrecer solucións que favorezan o crecemento, a estabilidade e a supervivencia de proxectos innovadores. Neste contexto, e coa intención de favorecer a actividade empresarial da comunidade universitaria, establécese esta normativa para regular a admisión e a permanencia no Viveiro de Empresas Innovadoras da Universidade da Coruña (en diante, o Viveiro). Con ela preténdese garantir a existencia de criterios de acceso e de permanencia que concilien, dunha parte, a presenza no Viveiro en igualdade de condicións de todos os sectores da comunidade universitaria interesados; e, da outra, a transferencia do coñecemento xerado pola UDC mediante a creación de empresas que poden, ademais, servir de apoio ao autoemprego do alumnado e os titulados universitarios.

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

Esta normativa abrangue a admisión e a permanencia no Viveiro de iniciativas empresariais e empresas xurdidas do coñecemento adquirido e da actividade científica e técnica levada a cabo por membros da comunidade da UDC.

A UDC facilitará a creación de empresas no Viveiro mediante os mecanismos de apoio necesarios sempre con dous obxectivos:

- a) fomentar a transferencia á sociedade do coñecemento científico e técnico xerado nesta universidade;
- b) e potenciar a cultura emprendedora e o desenvolvemento económico do seu contorno mediante a creación de empresas innovadoras.

Artigo 2. Beneficiarios

Os solicitantes de acceso ao Viveiro deben ser membros da comunidade universitaria ou ben titulados pola UDC. Concretamente admítense os seguintes colectivos:

- a) Alumnado que estea a cursar estudos na UDC no momento da solicitude.
- b) Titulados pola UDC nos últimos cinco anos, que contarán desde o momento da publicación da convocatoria de acceso ao Viveiro.
- c) Persoal docente e investigador.

- d) Persoal de administración e servizos.

Considérase titulados pola UDC os antigos alumnos que cursaron e finalizaron estudos de grado, posgrao, mestrado ou doutoramento na UDC.

Artigo 3. Responsable do Viveiro

A Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación (en diante OTRI) será o servizo da UDC encargado da xestión e o mantemento do Viveiro.

A dirección da OTRI designará a unha persoa responsable entre os membros do seu equipo.

Artigo 4. Solicitud de acceso ao Viveiro

No momento en que quede vacante algún local no Viveiro, a OTRI abrirá unha convocatoria pública para ocupalo. Nesta convocatoria establecerase as prazas para cubrir, a documentación requirida e o prazo de solicitude.

A OTRI utilizará todos os medios que estiveren ao seu alcance para lle dar a suficiente publicidade á convocatoria.

Unha vez aberto o procedemento de acceso ao Viveiro, aquelas persoas interesadas que sexan promotoras dunha iniciativa empresarial innovadora deberán presentar a súa solicitude ante a OTRI. Á parte do establecido na convocatoria, entregarán como mínimo a seguinte documentación:

- a) Se é unha iniciativa empresarial:
 - i. A persoa ou persoas que integrarán a iniciativa, coa indicación do seu vínculo coa empresa e coa UDC.
 - ii. De ser o caso, a descrición dos resultados da investigación ou do coñecemento que se van explotar, ademais da súa titularidade.
 - iii. Unha proposta de plan de negocio.

- b) Se é unha empresa xa constituída:
 - i. Unha copia das escrituras de constitución, dos estatutos e da alta da empresa no imposto sobre actividades económicas.
 - ii. Unha relación das persoas socias da empresa, as que integran o órgano de administración e as contratadas, coa indicación do seu vínculo coa empresa e coa UDC.
 - iii. De ser o caso, a descrición dos resultados da investigación ou do coñecemento que se van explotar, ademais da súa titularidade.
 - iv. O plan de negocio.

Nas solicitudes con máis dunha persoa promotora deberá haber, polo menos, un membro do equipo que teña vinculación coa UDC, segundo se establece no artigo 2 deste regulamento.

Non se admitirán as solicitudes de empresas que tiveren unha antigüidade superior a 12 meses, que contarán desde a súa alta no imposto sobre actividades económicas.

Sempre que a entrega da solicitude por parte do equipo promotor se realice en papel deberá remitirse unha copia en formato dixital ao correo electrónico ou enderezo web que se establecer na convocatoria.

A OTRI poderá solicitarlles máis información e/ou documentación aos promotores para unha mellor valoración dos proxectos por parte da comisión de avaliación.

Artigo 5. Avaliación das solicitudes

Unha vez que se reciba a solicitude, encargarase de avaliala unha comisión integrada como mínimo polos seguintes membros:

- a) O/a director/a da OTRI.
- b) O/a responsable do Viveiro.
- c) Un membro da comunidade universitaria ou externo con coñecemento en fomento da creación de empresas.

A comisión valorará as solicitudes conforme os seguintes criterios:

- a) A composición do equipo emprendedor, a súa vinculación coa UDC e o seu grao de implicación no proxecto empresarial.
- b) A novidade do produto ou do servizo proposto.
- c) A necesidade ou oportunidade detectada no mercado e a solución proposta.
- d) A madurez da iniciativa. Valorarase o grao de desenvolvemento da iniciativa empresarial tendo en conta que a misión do Viveiro é apoiar os emprendedores na fase inicial da súa iniciativa.
- e) Adecuación do proxecto empresarial ás características do Viveiro.

A comisión, se o estima oportuno, poderá convocar os solicitantes para estes faceren unha exposición oral dos seus proxectos.

Artigo 6. Resolución

Unha vez valoradas as solicitudes pola comisión, daráselles publicidade aos proxectos empresariais seleccionados para ocuparen un local no Viveiro.

A comisión poderá elaborar unha listaxe de proxectos en agarda de entrada. Estes proxectos poderán acceder ao Viveiro no caso de que algún dos proxectos seleccionados non tome posesión do espazo que lle corresponda ou renuncie a el nun prazo non superior a dous meses.

Así mesmo, se o estima oportuno, a comisión poderá crear con base nas solicitudes que non sexan seleccionadas unha listaxe dos proxectos empresariais susceptibles de incorporarse á incubación virtual. A incubación virtual regularase conforme o estipulado no artigo 11 deste regulamento.

A OTRI informará o/a vicerreitor/a responsable do Viveiro das novas iniciativas empresariais seleccionadas.

As solicitudes que non sexan seleccionadas pola comisión para entrar no Viveiro poderán volver presentarse en futuras convocatorias de acceso nas mesmas condicións que as do resto de solicitantes.

Artigo 7. Instalacións e servizos

O Viveiro está situado no Edificio de Servizos Centrais de Investigación, no campus de Elviña, A Coruña.

Ás iniciativas empresariais e empresas seleccionadas para accederen ao Viveiro asignaráselles un local. Ademais, poderán facer uso das salas de reunións e zonas comúns do edificio e terán acceso a todos os servizos de apoio ao emprendemento de que dispón o Viveiro: o acceso a redes, formación, apoio na preparación do plan de empresa, asesoramento en xestión empresarial e xurídico-comercial, na procura de financiamento público e privado etc.

A UDC poderá contar con outros locais para o Viveiro nos seus diferentes campus. Nestes casos aplicarase o establecido neste regulamento, logo da autorización do destino dos devanditos locais polo/a vicerreitor/a responsable do Viveiro, polo/a vicerreitor/a con competencias en materia de infraestruturas e o/a xerente/a.

Artigo 8. Duración

O prazo total de permanencia das iniciativas empresariais ou empresas no Viveiro non poderá superar os dous anos e oito meses: oito meses para a maduración do proxecto empresarial e dous anos desde a sinatura do convenio regulador.

Artigo 9. Obrigas e seguimento dos proxectos empresariais

- a) Normas de funcionamento
Os promotores das iniciativas empresariais ou as empresas avaliadas positivamente deberán coñecer e asinar as normas de funcionamento do Viveiro. Nas normas mencionaranse os medios que a UDC pon á súa disposición, así como as obrigas de mantemento e coidado que asumen as persoas usuarias.
- b) Informes de actividade
Trimestralmente, os promotores das iniciativas aloxadas deberán presentar un informe de actividades dirixido á OTRI.
- c) Plan de empresa
Aos oito meses desde a súa entrada no Viveiro, como máximo, os promotores terán elaborado e entregarán á OTRI un plan de empresa detallado. A OTRI avaliará o uso dado ao Viveiro por parte dos promotores durante este período xunto co plan de empresa entregado. A non presentación do plan ou a avaliación negativa da OTRI suporán o abandono do Viveiro.
- d) Constitución e convenio regulador
No noveno mes deberá estar constituída a empresa correspondente e terá que estar subscrito o convenio oportuno coa UDC. No convenio regularase as condicións de uso

dos espazos e especificarase o custo deste uso, así como as obrigas de mantemento e coidado que asume a empresa.

Enténdese por empresa calquera persoa física ou xurídica legalmente constituída para realizar de xeito habitual unha actividade económica.

- e) **Comunicacións**
Os promotores das iniciativas ou empresas aloxadas no Viveiro deberán comunicarlle á OTRI calquera evento significativo para eles ou calquera circunstancia en que se faga referencia ou se vexa envolvido o Viveiro ou a UDC.
- f) **Causas de abandono ou expulsión do Viveiro:**
 - i. A valoración negativa do plan de empresa.
 - ii. A desvinculación de todos os promotores da iniciativa empresarial ou empresa que teñan relación coa UDC.
 - iii. A falta manifesta de uso do local, así como un uso inadecuado deste e dos espazos comúns.
 - iv. O cambio substancial do modelo de negocio proposto na solicitude.

A admisión no Viveiro está vinculada ao proxecto. Os promotores que pretendan realizar unha actividade que non estea relacionada coa proposta deberán comunicarlle este feito á OTRI e abandonar o Viveiro.

Se os promotores están interesados en obter un local cunha nova proposta empresarial deberán presentar unha nova solicitude no momento en que exista unha convocatoria aberta. O abandono voluntario por estas circunstancias non comportará ningunha penalización ou a valoración negativa por parte da comisión. A nova solicitude concorrerá en igualdade de condicións co resto de propostas.

Artigo 10. Viveiro de consolidación

Máis aló do apoio na maduración da idea empresarial e na posta en marcha da empresa, cada vez cobra máis importancia estender este apoio en fases posteriores de crecemento e consolidación. Na UDC existe un especial interese en fomentar a consolidación das empresas nadas baixo o amparo desta universidade, xurdidas para explotar resultados de investigación e coñecemento do ámbito universitario e que, a súa vez, acheguen valor engadido á sociedade, incentivando a colaboración en investigación, transferencia e creación de emprego.

A UDC poderá contar con locais para o apoio deste tipo de empresas. Nestes casos, o destino dos devanditos locais deberá ser regulado e autorizado polo/a vicerreitor/a responsable do Viveiro, polo/a vicerreitor/a con competencias en materia de infraestruturas e o/a xerente/a.

Artigo 11. Incubación virtual

Co motivo de ofrecer un servizo flexible e adaptado ás necesidades dos emprendedores da comunidade universitaria, a UDC poderá crear un sistema de incubación virtual.

A incubación virtual comprenderá todos os servizos de asesoramento e formación que estiveren ao alcance do Viveiro, así como outros específicos entre os cales cabe citarmos a

modo de exemplo non limitativo: o establecemento do domicilio social, a recepción de correspondencia, o apoio á difusión, o acceso ás salas de reunións etc. Este servizo virtual non comportará a adxudicación ao proxecto seleccionado dun espazo físico no Viveiro.

O acollemento nesta modalidade non poderá superar os doce meses, e os promotores dos proxectos seleccionados deberán cumprir as obrigas recollidas no artigo 9, apartados a), b) e e) deste regulamento.

A OTRI poderá dar por finalizada a estadía virtual das iniciativas seleccionadas cando teña coñecemento da falta de implicación dos promotores ou do destino inadecuado das instalacións e/ou apoio ofrecidos.

A dimensión, o alcance e as condicións da incubación virtual quedarán supeditados ás capacidades da OTRI para ofrecer o servizo.

Artigo 12. Colaboracións

O Viveiro poderá apoiarse noutros servizos ou entidades do contorno da UDC para manter ou ampliar os servizos que ofrece, así como establecer acordos con entidades alleas á UDC que sexan de interese para o apoio das empresas innovadoras aloxadas no Viveiro.

O Viveiro poderá ser un mecanismo de colaboración ou incentivo para proxectos de interese para a UDC. Nestes casos, a regulación do acceso e a admisión de proxectos empresariais estará suxeita á normativa do propio proxecto e deberá contar coa conformidade expresa do/a vicerreitor/a responsable do Viveiro.

Artigo 13. Confidencialidade

Todas aquelas persoas que participaren na xestión das iniciativas empresariais ou que tiveren coñecemento do seu contido por razón do cargo que desempeñan, a participación na comisión ou o posto que ocupan estarán obrigadas a respectar a confidencialidade debida.

Sen prexuízo do establecido neste artigo, a UDC resérvase o dereito a divulgar, a través de calquera medio de comunicación habitual, a incorporación das novas iniciativas empresariais seleccionadas, sempre respectando a obriga de confidencialidade que poida ser de aplicación ao específico contido dos proxectos empresariais.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta normativa entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da UDC.